

## FUNCIONARIZACIÓN SPIF: CUALIFICACIÓN DEFINITIVA PROBAS TEST.

Santiago de Compostela 25/02/2022

Publicadas hoxe, en DOG, as Resolucións das comisións encargadas de cualificar os procesos de funcionarización do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, seguintes:

- Escala técnica, especialidade de bombeiro forestal xefe de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo pertencente á categoría 100 do grupo III.
- Escala auxiliar do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V do V Convenio

Ambas Resolucións conteñen:

A elevación a definitivas das cualificacións obtidas polas persoas aspirantes na proba tipo test feitas públicas mediante as Resolucións do 17 de decembro de 2021 (DOG núm. 251, do 31 de decembro).

A comunicación da publicidade das baremacións provisionais do concurso de méritos no portal web da Xunta de Galicia [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), ao cal se poderá acceder a través do seguinte enderezo:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/funcionarizacion>

O concurso de méritos será cualificado de «**apto**» ou «**non apto**» e, para superalo, será necesario acadar unha puntuación mínima de **6 puntos** entre todas as epígrafes do baremo puntuables.

Contra a baremación provisional poderase presentar **reclamación** ante a propia Comisión de Funcionarización no prazo de **dez días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa publicación no DOG.

No C2, aténdense varias alegacións presentadas e advírtese un erro nas cualificacións da proba tipo test publicadas pola Resolución do 17 de decembro de 2021 (DOG núm. 251, do 31 de decembro) e feitas as oportunas correccións, inclúense como aptos nas seguintes categorías varios aspirantes:

- Categoría IV-33 Bombeiro forestal SDCIF: 1 persoa candidata.
- Categorias V-10B y 10C Vixilante fixo e emisorista SDC: 2 persoas candidatas.
- Categorias V14-14A Bombeiro forestal-bombeiro forestal condutor: 2 persoas candidatas.